



# As vítimas invisibles da violencia de xénero

---

Traballo Fin de Grao de Maxisterio Infantil

Convocatoria Xulio 2015

Alumna: Elena García del Campo

Titor: Carlos Fernández González

Facultade de Ciencias da Educación

Universidade de Santiago de Compostela



Las víctimas invisibles de la  
violencia de género

---

As vítimas invisíveis da  
violência de género

---

The invisible victims of the  
violence of kind

## ÍNDICE

Resumo/Abstract.....	4
Introdución.....	5
1. Xustificación .....	6
2. Competencias.....	7
3. Obxectivos.....	7
3.1. Xeral.....	7
3.2. Secundarios.....	7
4. Metodoloxía.....	8
4.1. Deseño do estudo.....	8
4.2. Busca bibliográfica.....	8
4.3. Selección de estudos.....	8
4.4. Algoritmo de selección de artigos.....	14
4.5. Calidade dos estudos seleccionados.....	14
5. Resultados.....	15
6. Discusión dos resultados.....	24
7. Conclusións.....	28
8. Referencias documentais.....	30

**RESÚMO:**

As mulleres e os seus fillos e fillas son as principais vítimas que sofren a violencia de xénero. Mentres que no caso das mulleres maltratadas existe una crecente proliferación tanto de investigacións como de recursos de axuda, a atención e intervención sobre as consecuencias que se derivan para os seus fillos aínda é bastante escasa. Actualmente máis do 10% da poboación infantil son testemuñas directas da violencia nos seus fogares e, en máis da metade dos casos, ademais de ser testemuñas, sofren directamente a violencia (porcentaxe que chega ó 61,7%). O obxectivo principal deste traballo é coñecer o impacto que a violencia de xénero ten sobre estes nenos e nenas e, para isto, levarase a cabo un traballo de iniciación a investigación documental cunha revisión en profundidade de todos os estudos, artigos e traballos que traten este tema.

- **Palabras clave:** Violencia de xénero, nenos, menores e consecuencias.

**ABSTRACT:**

Women and their children are the main victims of domestic violence. Although in the case of battered women, there is a growing access to help resources and research, attention and intervention about the consequences on their children are not enough. Currently over 10% of children are direct witnesses of violence in their homes, and more than half of the cases have suffered direct violence (overall 61.7 %). The main objective of this study is to investigate the impact of domestic violence in these children and in order to carry out children and in order to carry out this process we will realized and in depth documental review of all studies, articles and papers dealing with this topic.

- **Keywords:** gender violence, children, partner violence and domestic violence.

## INTRODUCCIÓN

A violencia exercida contra a muller no ámbito familiar é un problema que, dende décadas atrás, está investigado e estudado por numerosos profesionais de diversos sectores.

Que se entende por violencia de xénero? Segundo a Organización Mundial da Saúde [OMS] (2013) considérase violencia de xénero: "Todo acto de violencia sexista que tiene como resultado posible o real un daño físico, sexual o psíquico, incluyendo las amenazas, la coacción o la privación arbitraria de la libertad, ya sea que ocurra en la vida pública o en la privada".

Son moitos os estudos que investigan sobre as consecuencias e o dano que produce nas mulleres este tipo de maltrato. Aínda así, as investigacións céntranse na súa maioría nas mulleres vítimas e non nos efectos que este tipo de violencia pode xerar sobre os seus fillos/as, converténdoo en vítimas directas da mesma. O son, porque dependen emocionalmente dos seus cuidadores e porque a violencia exercida contra a súa nai ten consecuencias no seu desenvolvemento.

O presente documento é un traballo de iniciación á investigación documental, co obxectivo principal de coñecer o impacto que a violencia de xénero ten sobre os fillos e as fillas das mulleres maltratadas. Considéranse menores expostas/os á violencia de xénero, no seu ámbito familiar, a todas as fillas e fillos que viven nun fogar onde o seu pai ou a parella da súa nai é violento contra a muller (Pâquet-Deehy, 2004 citado en Ramos, de la Peña, Luzón e Recio, 2011), incluíndose tamén aquelas situacións en que, trala separación dos pais, as e os menores seguen expostas/os a abuso e maltrato tralo cese da convivencia. Ademais, concretamente nos EEUU, é máis probable que unha persoa sexa golpeada ou asasinada no seu propio fogar por outro membro da súa familia que en ningún outro sitio e por ningunha outra persoa (Straus e Gelles, 1998 citado en Patró e Limiñana, 2005).

Os fillos/as das mulleres maltratadas nos seus fogares transfórmanse no foco de atención por primeira vez, en España, na década dos 80 pero, non é ata o ano 2013 cando se recoñecen como posibles vítimas desta violencia. É neste ano cando o Ministerio de Sanidade recoñece que os nenos/as tamén sofren as consecuencias deste maltrato. Cada vez que se produza unha vítima mortal por violencia de xénero, as estatísticas recollerán tamén o número de fillos/as, menores de dezoito anos, que foron vítimas mortais da violencia

exercida as súas nais. Dende xaneiro de 2013 ata o 4 de maio de 2015, segundo o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade o número de vítimas mortais por consecuencia da violencia de xénero é de 11 menores (5 deles menores de 6 anos e os outros 6 de entre 7/14 anos).

É certo que o número de mortes vai diminuindo dende que se coñecen oficialmente as cifras, pero a realidade de que os nenos sofren a violencia de xénero exercida sobre as súas nais é evidente, e o maltrato non ten por que acabar coa morte do menor. Tendo en conta as denuncias rexistradas polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade durante o ano 2010 (que foron 134.105), cunha media de 1,4 fillos/as por muller, a cifra de vítimas infantís por violencia de xénero ascendería a 187.747. Estímase que o 85% dos fillos/as de mulleres expostas a violencia de xénero son testemuñas dos malos tratos ás súas nais, e o 64.2% das mulleres maltratadas teñen fillos/as menores que sufriron a violencia (datos do CIS actualizados a 4 de maio de 2015).

Este traballo ten como finalidade facer unha revisión da bibliografía e dos estudos, que actualmente existen, sobre as consecuencias que produce a violencia de xénero nos nenos e nenas, a importancia que ten para o seu desenvolvemento (tanto físico como psicolóxico), as diferentes teorías explicativas sobre o tema e os factores de risco e protección que teñen estes menores. A Academia Americana de Pediatría (AAP) recoñece no ano 2012 que “ser testemuña da violencia doméstica pode ser tan traumático para o neno como ser vítima de abusos físicos ou sexuais”.

## **1. XUSTIFICACIÓN**

Coñecer os efectos do maltrato na educación infantil poderanos permitir encontrar propostas para a súa abordaxe dende as comunidades educativas, mais concretamente dende as aulas. Determinar os factores de risco e protección permitirá ás e aos docentes unha detección temperá ou a elaboración dun diagnóstico precoz na súa aula. Ademais, ao detectar este tipo de abuso sobre o menor, poden implantarse medidas correctoras para evitar consecuencias a longo prazo.

Mentres que no caso das mulleres maltratadas as investigacións e recursos de axuda aumentan, a atención e intervención aos seus fillos/as é bastante escasa, pois só dende hai dous anos, se recoñece a este colectivo como vítimas directas deste tipo de violencia. Aínda

así, son poucos os estudos e o tempo dedicado a estas vítimas debido a gran complexidade que supón abordar este tema.

Coa presente investigación preténdense expoñer os problemas máis habituais que provoca nos nenos a violencia de xénero acontecida nos seus fogares, co fin de informar da gravidade e importancia da situación para sensibilizar a todos os profesionais que están en contacto coa infancia e, que os programas de intervención e prevención sexan máis efectivos.

## **2. COMPETENCIAS**

As competencias, do título de Grao en Mestre de Educación Infantil, que se pretenden abordar neste traballo son as seguintes:

- Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
- Coñecer fundamentos de atención temperá e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia.
- Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios en educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos

## **3. OBXETIVOS**

### **3.1. Obxectivo xeral:**

Coñecer o impacto que a violencia de xénero ten sobre os fillos e as fillas das mulleres maltratadas.

### **3.2. Obxectivos secundarios:**

1. Determinar os *factores de risco e protección* dos fillos e fillas das mulleres expostas a violencia de xénero.
2. Coñecer os diferentes *modelos explicativos* sobre as consecuencias dos nenos expostos a este tipo de violencia.

3. Coñecer os *problemas que poden darse na aula* como consecuencia desta violencia.
4. Coñecer as *consecuencias* que a violencia familiar produce nos nenos e nenas de Educación Infantil.
5. Mostrar que os nenos e nenas tamén teñen que ser incluídos como vítimas directas da violencia de xénero.

#### 4. METODOLOXÍA

**4.1. Deseño do estudo:** Traballo de iniciación á investigación documental.

**4.2. Busca bibliográfica:**

*4.2.1. Fontes de datos:*

- a) Fontes primarias: Save the Children, Ministerio de Servizos Sociais e Igualdade, documentos da OMS.
- b) Fontes secundarias:
  - Busca no catálogo de bibliotecas da Universidade de Santiago: Dialnet e Iacobus.
  - Busca no google académico.
  - Bases de datos electrónicas: MEDES, IBECS, Biblioteca Cochrane Plus, Scielo, Pubmed e Chemedica.

*4.2.2. Estratexia de busca:* as palabras clave empregadas para a busca en lingua castelá foron: “violencia de género”, “violencia doméstica”, “consecuencias en menores”, “violencia niños” e “violencia familiar”. Cando os termos para a busca eran en lingua inglesa: “gender violence children” e “domestic violence”.

**4.3. Selección de estudos:**

*4.3.1. Criterios de inclusión:* Selecciónanse aqueles artigos de revista, estudos ou revisións que tiñan contido sobre as consecuencias da violencia de xénero en menores no noso país, nunha liña de tempo posterior ao ano 2005 e ata a actualidade, e con acceso ao texto de balde.

*4.3.2. Criterios de exclusión:* elimináronse todos os artigos anteriores ao ano 2005 e escritos en linguas que non foran español ou inglés. Tamén se

excluíron os que non se tratasen de estudos ou revisións (e calquera outro que non se reflexa nos criterios de inclusión), os que se centraban nunha sola consecuencia da violencia de xénero nos menores, os que falaban de menores en xeral sen centrarse en nenos menores de seis anos e os que falaban só de violencia de xénero ou maltrato infantil.

Empregando este tipo de estratexias, iniciouse unha primeira busca cun resultado inconmensurable, polo que se procedeu primeiramente a realizar unha criba, tan so co ano de publicación (do ano 2005 en adiante). A cantidade de artigos continuaba sendo moi grande polo que se procedeu a realizar varias cribas: unha excluindo todos aqueles artigos que non falasen dos nenos e nenas da nosa cultura, outra eliminando os documentos que non foran de balde e outra eliminando todos aqueles documentos que non foran estudos, revistas ou revisións. O resultado diminuíu bastante, quedando un número razoable para poder ler os títulos (335) e continuar coa busca. Trala lectura deses títulos seleccionáronse 62 documentos, eliminando 25 que estaban duplicados. Posteriormente, realizouse outra selección, lendo os resumos deses documentos e, finalmente, se seleccionaron os restantes, un total de 39. Por último, escolléronse os que trataban as consecuencias da violencia de xénero en menores como motivo central do estudo, eliminando os que facían unha pequena cita, os que falaban só do maltrato infantil ou os que só falaban das mulleres como vítimas desta violencia. Os 20 documentos analizados e seleccionados para a elaboración do traballo, aparecen detallados nas seguintes táboas.

A busca nas diferentes bases de datos realizouse segundo se expón a continuación:

- MEDES:

Medicina en Español, buscador de acceso de balde a través de Internet da compañía farmacéutica Lilly, onde podemos atopar artigos desde o ano 2001 ata o día de hoxe.

Busca	Resultados	Textos seleccionados
Busca simple: violencia de género+niños	6	0
Busca avanzada: Violencia de género+niños	0	0
Busca avanzada: Violencia de género +menores	11	0

Táboa 1. Busca en MEDES.

- IBECS:

Índice Bibliográfico Español en Ciencias de la Saúde, da Biblioteca Nacional de Ciencias da Saúde (BNCS). Instituto da Saúde Carlos III.

Busca	Resultados	Textos seleccionados
Busca simple: Violencia de género+niños	19	-Atención a los niños y las niñas víctimas de la violencia de género. Horno Goicoechea, Pepa.2006.  -La Violencia de Género como causa de maltrato infantil. Sepúlveda García de la Torre, A.2006.
Busca avanzada: Violencia género+niños	5	-Alteraciones psicológicas en menores expuestos a violencia de género: Prevalencia y diferencias de género y edad. Alcántara, M. Vicenta; López-Soler, Concepción; Castro, Maravillas; López, Juan J.2013.  -Menores víctimas de violencia de género: experiencia de intervención en un centro de acogida para familias víctimas de violencia de género. Bravo Campanón, Cristina.2008.

Táboa 2. Busca en IBECS.

- Dialnet:

Portal bibliográfico de acceso libre e de balde de literatura científica hispana.

Busca	Resultados	Textos seleccionados
Busca simple: Violencia de género+niños+consecuencias	27	0
Busca simple: Violencia de género+menores	162	-Impacto de la violencia de género en el estado de salud física y psicoemocional de los hijos. Mohamed Mohan, Laila; Carracedo Cortiñas, Sandra; Herrera Torres, Lucía.2014.

<b>Busca simple: Gender violence+children</b>	46	-Children Exposed to Intimate Partner Violence Against Women in Spain. A quantitative analysis. Espinar Ruiz, Eva; López Monsalve, Begoña.2014.
---	----	---

Táboa 3. Busca en Dialnet.

- Biblioteca Cochrane Plus:  
Recompilación de revisións e artigos científicos en lingua inglesa e española baseados na evidencia.

Busca	Resultados	Textos seleccionados
<b>Busca simple : Domestic violence+children</b>	26	-The effectiveness of a trauma-focused psycho-educational secondary prevention program for children exposed to interparental violence: study protocol for a randomized controlled trial. Overbeek, Mathilde M; de Schipper, J Clasien; Lamers-Winkelmann, Francien; Schuengel, Carlo.2012.
<b>Busca asistida: Gender violence+children</b>	22	0
<b>Busca asistida: Violencia de género+consecuencias+niños</b>	2	0
<b>Busca simple: Violencia de género+niños</b>	4	0

Táboa 4. Busca en Biblioteca Cochrane Plus.

- Iacobus:  
Busca de libros en lingua galega por tema, na Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela.

Busca	Resultados	Textos seleccionados
<b>Busca simple: Violencia de género+niños</b>	2483	0
<b>Busca avanzada: Gender violence+children</b>	2678	-Manual de atención a niños y niñas víctimas de la violencia de género en el ámbito familiar. Save the children. 2008.

Táboa 5. Busca en Iacobus.

- Scielo:  
Biblioteca virtual que contén unha colección de revistas científicas españolas de ciencias da saúde seleccionadas cuns criterios de calidade preestablecidos.

Busca	Resultados	Textos seleccionados
Busca avanzada: Gender violence+children	7	-Las víctimas invisibles de la Violencia de Género. Del Prado Ordóñez Fernández, María; González Sánchez, Patricio.2011.

Táboa 6. Busca en Scielo.

- Pubmed:

Motor de busca cun acceso de balde á base de datos MEDLINE de citacións e resumos de artigos de investigación biomédica.

Busca	Resultados	Textos seleccionados
Busca avanzada: Gender violence+children +domestic violence	575	-Child abuse and neglect and intimate partner violence victimization and perpetration: A prospective investigation. Spatz Widoma, Cathy; Czajaa, Sally; Dutton, Mary Ann.2014.  -Intimate Partner Violence and Children's Memory. C. Gustafsson, Hanna; L. Coffman, Jennifer; S. Harris, Latonya.2013.
Busca avanzada: Gender violence+children+partner violence	476	-Priorities for research in child maltreatment, intimate partner violence and resilience to violence exposures: results of an international Delphi consensus development process. MacGregor, CD; Hammerton, Joanne; H Coben, Jeffrey.2012.

Táboa 7. Busca en Pubmed.

- Google académico:

Buscador de Google especializado en artigos de revistas científicas, enfocado no mundo académico.

Busca	Resultados	Textos seleccionados
Busca avanzada: consecuencia violencia de género+niños	97.100	-La Agresividad en Niños que Testimonian la Violencia de Género. Catarina Almeida, T.2008.

Táboa 8. Busca en Google académico


- Chemedía:

Buscador de documentos e artigos procedentes de libros e revistas que poden descargarse en PDF.

Busca	Resultados	Textos seleccionados
<p>Busca simple: Consecuencias+violencia de género+niños</p>	<p>65</p>	<p>-Víctimas de violencia familiar: consecuencias psicológicas en hijos de mujeres maltratadas. Patrón Hernández, R; Limiñana Gras, Rosa M.2005.</p> <p>-Las hijas e hijos como víctimas directas de la violencia de género. Lastra Sierra, Cistina.2011.</p> <p>-Problemas psicológicos en niños y niñas víctimas de la violencia de género en la pareja. Lizana Zamudio, Raúl.2014.</p> <p>-Impacto de la exposición a la violencia de género menores. Ramos Matos, Esther; de la Peña Palacios, Eva M; Recio Saboya, Patricia.2011.</p> <p>-Estado psicoemocional de niños que han sido testigos de violencia familiar. Carracedo Cortiñas, Sandra. s.f.</p> <p>-Efectos psicosociales de la violencia de género sobre las víctimas directas e indirectas. Expósito Jiménez, Francisca.2012.</p> <p>-Menores expuestos a violencia de género: víctimas con identidad propia. Chamizo de la Rubia, José.2012.</p>

Táboa 9. Busca en Chemedía.

#### 4.4. Algoritmo de selección de artigos



#### 4.5. Calidade dos estudos seleccionados

Un dos principais problemas é que todos os documentos reunidos coinciden en que é moi difícil abordar o tema da violencia de xénero, e máis si se trata de nenos e nenas. Por un lado, a maioría dos estudos tiñan poucos menores como mostra (menos de 50), polo que a representatividade dos resultados é moi baixa e, por outro lado, todos analizaban a nenos e nenas de entre 12 e 17 anos, deixando o colectivo máis vulnerable fora. A fiabilidade diminúe aínda máis cando se trata de estudos realizados ás nais vítimas, pois a percepción que teñen sobre a violencia e os efectos que esta produce nos seus fillos dista moito da realidade (nalgúns casos exaxerando para protexelos e noutros silenciando o problema).

## 5. RESULTADOS

Todos os estudos conclúen que a exposición a violencia de xénero ten graves consecuencias no benestar dos fillos/as das mulleres maltratadas, acentuándose no caso de ser tamén vítimas directas e non só testemuñas. Isto débese a que o maltratador, polo xeral, exerce tamén a violencia sobre outros membros da familia, especialmente sobre os fillos e fillas, como mecanismo para conseguir os seus obxectivos.

Os resultados obtidos poñen de manifesto que entre o 60 e o 70% dos fillos/as que viven en fogares violentos son vítimas directas desta violencia (sofren directamente o maltrato), e o 100% sofren consecuencias en maior ou menor medida, xa que viven no mesmo estado de tensión e alerta que a súa nai, sofren as mesmas lesións psicolóxicas e, en ocasións, tamén os mesmos golpes.

Deseguido se presentan os resultados relacionados cos obxectivos secundarios.

Resultados relacionados co obxectivo secundario número 1: Determinar os factores de risco e protección dos fillos e fillas das mulleres expostas a violencia de xénero.

A continuación, preséntanse os factores de risco e de protección que agravan ou diminúen as consecuencias que poden presentar os fillos e fillas das mulleres expostas a violencia de xénero. A clasificación completouse trala revisión de distintos documentos de diferentes autores (Ramos, de la Peña, Luzón & Saboya, 2011; Lastra, 2011; Lizana, 2014; Mohand, Carracedo & Herrera, 2014):

### ● Factores de risco:

- Idade e nivel de desenvolvemento: a menor idade maior risco xa que a capacidade de autoprotección é menor. Cando a idade vai aumentando maior é, tamén, a capacidade para pedir axuda ou empregar recursos o seu alcance.
- Xénero: cando se trata de nenas, polo xeral, a vulnerabilidade aumenta.
- Severidade e cantidade de tempo na que o/a menor está exposto a situacións violentas: aumenta o risco canto maior é o tempo de exposición e a gravidade da violencia que se exerce no/a menor.
- Tipo de violencia que sofren: directa ou indirecta.
- Situación de negligencia por ausencia de coidados paterno-filiais.

- Protección que exerza a figura materna ou o entorno familiar do/a menor.
- Acumulación doutros factores estresantes: Abuso de substancias psicoactivas por parte do maltratador, inestabilidade laboral, precariedade económica, etc.

● Factores de protección:

- Capacidades innatas dos nenos e nenas como temperamento tranquilo e fácil ou altas habilidades cognitivas.
- Presenza dun adulto que fomente os recursos propios do neno ou nena e fortaleza a súa capacidade de resiliencia.
- Resposta adecuada da nai a pesar dos seus problemas.
- Comunicación entre as nais e os seus fillos/as.
- Apoio da familia extensa.
- Ruptura do círculo de violencia entre os pais e unha relación amable e libre de violencia unha vez decidan separarse.
- Delimitación clara entre o matrimonio e os fillos/as (evitando a implicación destes nos conflitos entre os pais).
- Formación dos e das profesionais que atenden ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Resultados relacionados co obxectivo secundario número 2: Coñecer os diferentes modelos explicativos sobre as consecuencias dos nenos expostos a este tipo de violencia.

Alén dos diferentes estudos que hai sobre este tema, existen diferentes modelos teóricos sobre as consecuencias nos nenos e nenas da exposición á violencia de xénero e, cada unha delas, decántase por diferentes procesos ou mecanismos que están implícitos no comezo dos síntomas relacionados:

- Teoría do apego: Segundo esta teoría, existe unha alta probabilidade de que os menores que estean expostos a violencia de xénero, dende idades moi temperás, desenvolvan patróns desorganizados de vinculación, o que provoca efectos negativos no seu desenvolvemento. Deste xeito, os nenos e nenas que son maltratados teñen maior probabilidade de desenvolver lazos inseguros ao non recibir apoio emocional dos adultos que os aterran. Ademais, o motivo de

moitas das patoloxías infantís ven dado polo vínculo de apego desorganizado cos cuidadores/as principais, xa que si este está ausente ou deteriorado, poden xerarse ditas patoloxías. Cicchetti, Toth & Lynch, 1995 citando en Lizana (2014).

- Teoría da aprendizaxe social: esta teoría expón a idea de que existe un “ciclo da violencia”, é dicir, a conduta violenta pode transmitirse de xeración en xeración. Segundo isto, os menores expostos a violencia familiar tenden a desenvolver estratexias de afrontamento do estres e da resolución de problemas caracterizadas polo uso da violencia, lexitimada polo aprendizaxe intrafamiliar. Deste xeito, o neno ou a nena pode identificarse co agresor, adoptando o mesmo comportamento (manipulando e coaccionando os demais) ou coa vítima (adoptando comportamentos de submisión, autoculpabilización, etc.). Cando os menores adoptan estas condutas, o neno acostuma a desenvolver o rol de maltratador e a nena de submisa. Duarte, 2007 citando en Lizana (2014)
- Teoría do trauma: segundo esta teoría, a perda ou ameaza asociada á situación da violencia de xénero, crea un ambiente moi tenso para os nenos e nenas. Ademais, a exposición crónica e severa pode provocar no/a menor unha sintomatoloxía máis grave que outro tipo de situacións, debido ós altos niveis de medo, terror, desamparo e impotencia que xera a situación de que, el/ela e a súa nai, poidan morrer ou ser feridos. McNally, 1993; Moreno, 1999; Terr, 1990 citado en Lizana (2014).
- Teoría do desenvolvemento: partindo da idea de que unha familia onde exista violencia de xénero é un ambiente inadecuado para a educación dun menor, esta teoría indica que as experiencias temperás proporcionan a base para as posteriores adaptacións ó medio. Polo tanto, a exposición á violencia familiar durante a primeira infancia, proporcionará efectos negativos máis fortes e prolongados na adaptación a futuras experiencias. Ademais, intúe que esta violencia vai afectar ó desenvolvemento emocional, cognitivo e comportamental do/a menor, aínda que o impacto sobre este ou esta, dependerá da etapa do desenvolvemento na que se atope e os recursos persoais e ambientais dos que dispoña para facerlles fronte. Lizana (2014).

- Teoría de la Resiliencia: Esta teoría explica que, algúns nenos e nenas presentan unha gran capacidade para afrontar con éxito o estres e os eventos adversos que se lles presentan, como a violencia de xénero que acontece nos seus fogares. Para que isto aconteza, deben intervir varios factores das súas vidas (a súa intelixencia, o seu temperamento, o seu control interno, a súa familia, o ambiente da comunidade, etc). Non todos os nenos e nenas expostos a esta violencia presentan problemas, xa que a capacidade de resistencia fronte as adversidades varía dependendo do suxeito. Esta teoría se usa para explicar a sorprendente adaptación e benestar dos nenos e nenas que son criados en ambientes desfavorables e negativos, con altas posibilidades de desencadear traumas. Hughes, Graham-Bermann & Gruber, 2001 citado en Lizana (2014).
- Teoría ecolóxica: esta teoría, proposta por Bronfenbrenner en 1987, explica que o desenvolvemento humano depende da relación que o suxeito manteña co ambiente que o rodea. Dita relación é posible a través de catro estruturas interdependentes que flúen mediante redes sociais: o microsistema (do que forman parte as características persoais do suxeito) o mesosistema (familia, escola e comunidade), o exosistema (familia extensa, gobernos, servizos locais e medios de comunicación) e, por último, o macrosistema (organización social, política, legal e os valores socioculturais que a rexen). Polo tanto, si aplicamos o enfoque ecolóxico, o nivel de axuste naqueles menores expostos a violencia de xénero depende, en gran medida, dunha serie de características persoais, familiares e socioculturais.

A continuación preséntase unha lista, que sintetiza diversas clasificacións de distintos autores das consecuencias que sofren os menores expostos a este tipo de violencia, atendendo a aspectos individuais, do entorno e escolares (Save the Children, 2008; Sierra, 2011; Ballabriga & Bonillo, 2014; Lizana, 2014; Mohand, Carracedo & Herrera 2014; Patró & Limiñana, 2005):

Nivel individual	
<b>Físicas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Trastornos no desenvolvemento (retraso no crecemento).</li> <li>-Trastornos alimenticios (inapetencia, anorexia, bulimia, etc).</li> <li>-Trastornos no sono (pesadelos e patróns interrompidos).</li> <li>-Regresións (déficits en habilidades motoras e control de esfínteres).</li> <li>-Síntomas psicossomáticos (alerxias, asma, cefaleas, dolor abdominal, enurese nocturna, deformacións óseas, eritemas no cueiro, etc).</li> </ul>
<b>Madurez evolutiva</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alto nivel de egocentrismo.</li> <li>-Gran dependencia materna.</li> <li>-Ausencia de interiorización de límites, non asumen normas.</li> <li>-Conductas irreflexivas: gran dificultade para tolerar a frustración, dificultade para anticipar, planear e esperar.</li> </ul>
<b>Emocionais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Ansiedade e angustia.</li> <li>-Trastorno de estres post-traumático (TEPT- con síntomas como a reexperimentación do evento traumático, síntomas de activación como a hipervixilancia e o retraemento emocional).</li> <li>-Ira e hostilidade.</li> <li>-Depresión (intimamente relacionada coa ansiedade) e illamento.</li> <li>-Agresividade non canalizada (de carácter interno): provoca alto grao de frustración e elevada excitabilidade).</li> <li>-Trastornos na autoestima (inseguridade e sensación de perda).</li> <li>-Trastornos no apego e na vinculación.</li> <li>-Temor a saír de casa.</li> <li>-Ambivalencia.</li> <li>-Insensibilización do afecto</li> <li>-Sentimentos de culpabilidade: pensan que os episodios violentos son provocados por eles ou elas.</li> <li>-Alteracións no desenvolvemento afectivo, dificultades na expresión e o manexo de emocións coa interiorización e o aprendizaxe de modelos violentos e posibilidade de repetilos, tanto vítima como agresor, e a manifestación de roles de xénero erróneos.</li> </ul>
<b>Cognitivas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Retraso no aprendizaxe da linguaxe e o desenvolvemento verbal.</li> <li>-Retraso no desenvolvemento cognitivo.</li> <li>-Alteración do rendemento escolar.</li> <li>-Dificultade para manter a atención e a concentración.</li> <li>-Problemas para dominar emocións.</li> <li>-Percepción inmediata pola afectividade.</li> </ul>

	- Pouca calidade de pensamento lóxico. Razoamento pobre.
<b>Condutuais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Agresividade (síntoma máis común)</li> <li>- Condutas antisociais e delituosas.</li> <li>- Crueldade con animais.</li> <li>- Rabechas, desinhibicións, inmadurez, etc.</li> <li>- Trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH)</li> <li>- Toxodependencias.</li> <li>- Condutas autodestrutivas.</li> <li>- Baixa integración a nivel grupal.</li> <li>- Parentalización das nenas e nenos, asumindo roles parentais e protectores da nai que non lles corresponden pola súa idade.</li> <li>- Continuas queixas físicas.</li> <li>- Regresións nos hábitos de hixiene.</li> <li>- Conduta esixente.</li> </ul>

Táboa 10. Consecuencias a nivel individual.

Elaboración propia a partir da síntese de diversos autores (Save the Children, 2008; Sierra, 2011; Ballabriga & Bonillo, 2014; Lizana, 2014; Mohand, Carracedo & Herrera 2014; Patró & Limiñana, 2005).

<b>En relación co medio (familia e grupo de iguais)</b>	
	- Desconfianza cara o entorno e gran necesidade de aprobación externa.
	- Excesivamente responsables: dende pequenos se lles obriga a responsabilizarse e asumir como seus problemas familiares.
	- Problemas de socialización, illamento e inseguridade.
	- Condutas agresivas.
	- Dificultade para relacionarse.
	- Dificultade para establecer relacións de empatía e confianza.
	- Dificultade para amosar sentimentos.
	- Establecemento de poder e control nas relacións de iguais.
	- Comportamento centrado na busca de aprobación.
	- Violencia física e psicolóxica cos compañeiros e compañeiras.
	- Escasas habilidades sociais.
	- Introspección ou retraemento.

- Rexeitamento.
- Conduta desafiante.

Táboa 11. Consecuencias en relación co medio.

Elaboración propia a partir da síntese de varios autores (Save the Children, 2008; Sierra, 2011; Ballabriga & Bonillo, 2014; Lizana, 2014; Mohand, Carracedo & Herrera 2014; Patró & Limiñana, 2005).

Resultados relacionados co obxectivo secundario número 3: Coñecer os problemas que poden darse na aula como consecuencia desta violencia.

#### No medio escolar

- Problemas de aprendizaxe.
  - Medo de ser ridiculizado no colexio.
  - Dificultade para concentrarse ou, pola contra, realización de tarefas de forma obsesiva.
  - Dificultade para estudar, mostrándose moi perfeccionista e con gran ansiedade polos erros que cometen.
  - Problemas lingüísticos.
  - Absentismo escolar inxustificable.
  - Fracaso escolar.
- Moitos dos efectos mencionados a nivel individual e de interacción co medio danse no medio escolar xa que é o lugar onde o menor relaciónase máis co seu grupo de iguais e con outros adultos de referencia.

Táboa 12. Consecuencias no medio escolar.

Elaboración propia a partir da síntese de varios autores (Save the Children, 2008; Sierra, 2011; Ballabriga & Bonillo, 2014; Lizana, 2014; Mohand, Carracedo & Herrera 2014; Patró & Limiñana, 2005).

Nunha investigación feita polo RACP (Registro Acumulativo de Casos Psiquiátricos) detectouse que case o 60% dos menores que estaban expostos a violencia familiar directa ou como testemuñas presentaban o diagnóstico de Estres Postrumático (trastornos no comportamento, inhibición, trastornos do sono, ánimo depresivo, trastornos esfinterianos e exceso de apego á figura materna) (Pedreira, 2003 citado en Sepúlveda, 2006).

Resultados relacionados co obxectivo secundario número 4: Coñecer as consecuencias que a violencia familiar produce nos nenos e nenas de Educación Infantil.

Seguindo unha orde cronolóxica e evolutiva (dende o embarazo da nai ata os seis anos), preséntanse as consecuencias que se producen nestes nenos e nenas atendendo o seu desenvolvemento xa que, dependendo da idade, os efectos son diferentes.

Moitas das mulleres que sofren violencia de xénero están embarazadas e o estres ó que están sometidas afecta os niveis hormonais de cortisol que inciden en baixos crecementos fetais (desenvolvemento escaso do cerebro e defectos na mielinización que se asocian a síndromes de hiperactividade). As consecuencias de sufrir maltrato físico ou psicolóxico poden derivar en aborto espontáneo, parto prematuro, baixo peso ó nacer, mortalidade perinatal e malformacións no feto. Ademais, estas mulleres fan un menor seguimento do embarazo, teñen máis interrupcións voluntarias do mesmo, participan menos na preparación do parto e teñen máis posibilidades de consumir substancias psicoactivas como alcohol ou ansiolíticos.

Nos primeiros anos de vida o desenvolvemento do cerebro é máis vulnerable ó impacto das experiencias traumáticas, o que pode levar a un cambio na organización do cerebro con consecuencias no manexo do estrés máis adiante (causando unha depresión do sistema inmune por estres crónico). As consecuencias que pode sufrir dependendo do nivel evolutivo no que se atopen son as seguintes (Save the Children, 2008; Ballabriga & Bonillo, 2014; Lastra, 2014):

	Bebés(0-3 anos)	Idade Preescolar (3-6 anos)
Condutuais	<ul style="list-style-type: none"><li>-Irritabilidade</li><li>-Choro incontrolable.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Agresividade</li><li>-Enuresis</li><li>-Encopresis</li><li>-Medo a durmir só</li><li>-Problemas no comportamento.</li></ul>
Emocionais	<ul style="list-style-type: none"><li>-Angustia</li><li>-Dificultades de vinculación.</li><li>-Perciben o medo e a ansiedade da nai.</li><li>-Desconfianza e abandono emocional.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Medos</li><li>-Ansiedade</li><li>Tristeza</li><li>-Preocupación pola nai</li><li>-Dificultades na expresión de rabia e</li></ul>

		agresividade -Trastorno de estres postraumático.
<b>Físicos</b>	-Problemas de sono -Retrasos no desenvolvemento da linguaxe -Trastornos na alimentación -Estancamento de peso -Falta de control de esfínteres.	-Alto nivel de actividade motora -Terroros nocturnos -Tentativas de chamar a atención e de aferrarse a actos regresivos -Trastornos na alimentación -Estancamento de peso -Falta de control de esfínteres.
<b>Cognitivos</b>	-Dificultades de comprensión.	-Comprensión limitada -Sentimentos de culpabilidade.
<b>Sociais</b>	-Falta ou desorganización do apego.	-Problemas de interacción con os iguais ou adultos -Relación ambivalente coa nai ( figura cuidadora principal).

Taboa 13. Clasificación evolutiva dos fillos/as expostos a violencia de xénero(0-6 anos)

Elaboración propia a partir da síntese de diversos autores (Save the Children, 2008; Ballabriga & Bonillo, 2014; Lastra, 2014).

Nunha mostra de nais que foran obxecto da violencia doméstica, o 50% dos bebés eran clasificados como nenos con vínculos de apego desorganizados. A figura de apego (a nai neste caso) é unha fonte tanto de medo como de tranquilidade e confort, e se a nai maltratada experimenta estres, os nenos e nenas tenden a ser temerosos (Zeanah et al., 1999, citado en Save the Children, 2008).

A exposición a violencia pode clasificarse en dous tipos, directa ou indirecta, aínda que aos fillos e fillas das mulleres vítimas do maltrato se lles tipifica dentro da violencia indirecta alegando que eles non sofren directamente a violencia, os gritos, os golpes, os insultos, etc. A pesar disto, os nenos e nenas que están expostos a violencia dun xeito indirecto, ás veces, sofren consecuencias maiores, a longo prazo, que os que están expostos directamente.

Autores como Espinosa Bayal (2004, citado en Ordóñez e González, 2012) din que hai unha serie de características comúns á exposición directa e indirecta da violencia:

1. Exposición directa (os fillos e as fillas experimentan o mesmo tipo de maltrato que a nai como insultos, ameazas, humillacións, maltrato físico, etc):

- Consecuencias físicas: (exceptuando lesións) retraso no crecemento, alteracións do sono e da alimentación, retraso no desenvolvemento motor, etc.
  - Alteracións emocionais: ansiedade, depresión, baixa autoestima, trastorno por estrés post-traumático, etc.
  - Problemas cognitivos: retraso na linguaxe, absentismo escolar, fracaso escolar, etc.
  - Problemas de conduta: falta de habilidades sociais, agresividade, inmadurez, delincuencia, etc.
2. Exposición indirecta (a agresión acontece na presenza dos/as fillos/as pero non directamente sobre eles. Escoitan ameazas, ven golpes, perciben e teñen terror, etc.):
- Situacións de negligencia ou abandono, por incapacidade das nais para atender as necesidades básicas dos nenos e nenas, dada a situación física e emocional na que se atopan.
  - Problemas de vinculación afectiva e relacións de apego, pola incapacidade dos agresores para establecer unha relación cálida e afectuosa próxima cos seus fillos e fillas.

## **6. DISCUSIÓN DOS RESULTADOS.**

Antes de iniciar a análise dos datos obtidos resulta importante aclarar a necesidade de ser precavidas ao considerar os resultados atopados nesta investigación pois, dado o pequeno número de participantes, os datos deberán considerarse como valores que falan de posibles efectos e consecuencias. Ademais, cada suxeito é diferente e isto provoca que as consecuencias e os factores de protección e risco tamén sexan distintos para cada un.

Comezando polo número de participantes, ningún estudo ten suxeitos de abondo como para poder xeneralizar os datos, mais ben, isto suxire a necesidade de seguir estudando e investigando sobre este tema. Por outro lado, é necesario realizar investigacións sobre nenos e nenas menores de doce anos, pois son escasas, e pode dicirse que son o colectivo máis vulnerable por non ter a posibilidade de defenderse ou buscar axuda para resolver este problema. Fantuzzo (1999, citado en Patró e Limiñana, 2005) destacaba a vulnerabilidade dos nenos menores de 5 anos expostos a conflitos domésticos, debido a que a esta idade a

madurez cognitiva e social non é completa. Ademais, noutro estudo da AAP (2012) faise fincapé no risco que supón este tipo de experiencias durante os primeiros anos da infancia, xa que pode afectar seriamente o desenvolvemento do cerebro e do sistema nervioso central.

Ata o momento, Bronfenbrenner (1987, citado en Mohand, Carracedo e Herrera, 2014) é o único que fala da teoría ecolóxica, relacionando dita teoría cos factores de risco e protección dos nenos e nenas expostos a violencia de xénero. Alega que existen condicionantes internos e externos que poden influír no estilo de afrontamento e, por conseguinte, no nivel de sufrimento do menor xa que o nivel de axuste naqueles menores que están expostos depende, en gran medida, dunha serie de características persoais, familiares e socioculturais. Sen embargo, moitos estudos (Save the Children, 2008; Lastra, 2011; Ballabriga e Bonillo, 2014) clasifican os factores de protección e de risco dun xeito máis específico, detallando cales son aspectos internos e externos que afectan, ó suxeito, á hora de estar expostos a violencia familiar. Outros estudos como o de Ordóñez e González Sánchez (2011) fan só referencia aos factores de risco e outros non aluden nin aos factores de risco nin aos de protección, aínda que mencionan que cada persoa é diferente e as consecuencias do maltrato afectaríanlle dun xeito distinto dependendo dunha serie de circunstancias.

Outra teoría que cabe sinalar é a da aprendizaxe social. Tan só no estudo de Lastra (2011), deféndese a idea de que cando unha persoa padece durante a súa infancia malos tratos ou é testemuña deles sobre a súa nai, na idade adulta, pode afrontalo cun rexeitamento total da violencia polo terror vivido. Pola contra, outros autores pensan que as persoas que viviron agresións dun xeito normal na súa familia reproducen este tipo de conduta sen darlle importancia, xa que é algo común para eles ou elas (Baker e Cunningham, 2005; Prado e González, 2012). Ao marxe destes estudos, a gran maioría dos autores/as, amosan unha serie de roles que poden desempeñar, nun futuro, os menores que sufriron violencia de xénero (rol de coidador, de confidente coa nai, de confidente co agresor, de asistente co agresor, do neno perfecto ou de árbitro).

Os resultados que proceden de estudos sobre como afecta a violencia de xénero aos fillos e fillas das nais vítimas, mostran que a maior parte dos nenos e nenas afectados

presentan máis condutas agresivas e antisociais (condutas externas) e máis condutas de inhibición e de medo (condutas internas) que os nenos que non se ven afectados por este tipo de maltrato. Os nenos e nenas destes fogares tamén soen presentar unha menor competencia social e un menor rendemento académico que os nenos de familias non violentas, ademais de medias máis altas en ansiedade, depresión e síntomas traumáticos (Patró e Limiñana, 2005). Conclusións similares extráense dun estudo realizado por Corbalán e Patró (2003), no noso país, os cales administraron un cuestionario específico a unha mostra de 40 mulleres maltratadas, que residían en centros de acollida, sobre a existencia dalgunha forma de maltrato sobre os seus fillos e fillas por parte da súa parella e sobre os principais síntomas e comportamentos problemáticos que podían verse neles. Os resultados deste estudo foron: o 10% dos fillos e fillas presentaron conflitividade na escola, o 7.5% escaparon do fogar, o 35% mostraron comportamentos violentos entre iguais, o 22.5% tiveron comportamentos violentos cara á nai, o 25% baixo rendemento escolar, o 27.5% medo cara ó maltratador; o 32.5% síntomas de ansiedade e o 30% de tristeza e illamento.

Tan só un dos estudos analizados demostra que, nos nenos que están expostos a situacións violentas, existe un incremento da taxa cardíaca e da presión sanguínea ou alteracións na actividade eléctrica da pel. Recentemente, o estudo de Salvat et al. (2012) logrou asociar alteracións no A.D.N. (responsables do envellecemento celular precoz) coa exposición temperá ás distintas formas de violencia como na violencia cara á muller e os fillos. É máis, existe unha forte correspondencia entre experiencias relacionadas coa violencia familiar nos menores e certas patoloxías na idade adulta, como é o caso do ictus, cancro e cardiopatías (AAP, 2008). A miúdo este tipo de reaccións físicas son produto de alteracións máis complexas a nivel psicolóxico, emocional e cognitivo, áreas que, sen dúbida, son fundamentais para o desenvolvemento durante a infancia e a adolescencia (Fariña et al., 2010, citado en Mohand, Carracedo e Herrera, 2014).

Pola contra, todos os estudos analizados coinciden en que a maioría dos nenos e nenas expostos a violencia de xénero presentan o Síndrome de Estrés Postraumático. Esta patoloxía, de non ser tratada, pode durar toda a vida. Os síntomas e signos máis específicos son os trastornos no comportamento, inhibición, trastornos no sono, ánimo depresivo, trastornos no control de esfínteres e exceso de apego á figura materna. A orixe deste

trastorno prodúcese cando a vítima sufriu ou foi testemuña dunha ameaza para a vida, súa ou doutra persoa, e reacciona con medo, terror ou indefensión.

Outro dato presente en todos os estudos, naturalmente, é que esta situación tamén ten un forte impacto sobre a vida escolar dos menores. A nivel curricular, son frecuentes as dificultades asociadas á capacidade de atención, concentración e memoria (APP, 2012; Cunningham, 2004; Edleson, 1999; Fariña et al., 2010; Sani, 2007, citado en Mohand et al., 2014)

Por outra banda, algúns estudos como o de Ballabriga e Bonillo (2014) mostran que este tipo de violencia exércese de múltiples formas, dende a máis sutil á máis evidente, destacando as vinculadas a unha violencia psicolóxica (estilo de crianza, manipulación, destrución de vínculos de apego seguros, etc.) ademais de ser testemuñas novamente, en ocasións, do maltrato do pai a novas parellas. Alegan que a separación, dalgún xeito, é un elemento protector pero non garante que cese a violencia, senón que poden seguir expostos a violencia ademais de ter posibilidades de recibila de forma física. Trala separación, a frecuencia diminúe (os factores de risco cambian) e a nai soe vincularse máis co neno (mellorando os factores de protección). Sen embargo, isto non garante a seguridade dos menores, xa que, aínda que os feitos non sexan tan constantes, o feito de ser testemuñas da violencia non desaparece, é dicir, non deixan de estar expostos aínda que sexa menos frecuente e sutil. Ademais, a violencia directa pode aumentar trala separación ó quedar expostos ante o pai sen a presenza e mediación da nai, polo que se convierten nun branco fácil.

En canto as consecuencias que sofren os menores dependendo do seu nivel evolutivo, todo os estudos coinciden en que dende o embarazo ata os seis anos, os malos tratos que exerce o pai contra a nai, afectan ao desenvolvemento dos nenos e nenas podendo deixar graves consecuencias conforme vai avanzando a idade. Non obstante, da igual a idade dos menores, pois a violencia de xénero que o pai exerce contra a nai ou contra os seus fillos, afecta a todos os niveis evolutivos.

Cabe sinalar, que as nais presentan unha visión máis negativa sobre o estado psicoemocional dos seus fillos que os propios menores. En especial, en relación a problemas internalizantes e adaptativos. Unha explicación a isto pode ser que nas nais poderían estar

mediando as súas propias circunstancias persoais, especialmente o seu estado psicolóxico e emocional. Pola súa parte, os nenos/as, nun esforzo por afrontar a situación ou por escondela, poden evitar a manifestación pública das súas debilidades ou, incluso, chegar a negar a existencia do conflito familiar como se dun mecanismo de defensa se tratase (Carracedo, Arce e Novo, 2010; Kilpatrick e Williams, 1998; Kitzmann et al., 2003; citado en Carracedo et al., 2014).

Por último, facer mención a que en case todos os estudos analizados, se observan unha serie de indicacións para a detección da violencia de xénero na aula e, tamén, para realizar diferentes tipos de intervencións. Hai moitas discrepancias sobre como abordar este tema, o cal non puido ser abarcado por non ser o obxecto central do estudo. Aínda así, é preciso sinalar que todas as actividades de intervención remarcan e estimulan o recoñecemento das emocións, promoven a comunicación do malestar e potencian a confianza cos demais para poder pedir e recibir axuda.

## **7. CONCLUSIONES.**

Despois de todos os documentos analizados durante a investigación, a conclusión mais evidente é a que da resposta ó último obxectivo proposto: *mostrar que os nenos e nenas tamén teñen que ser incluídos como vítimas directas da violencia de xénero*. Este tipo de violencia non ten unha soa vítima, se non que os nenos e nenas que crecen e se educan en ambientes de continuo temor, violencia, inseguridade (e unha infinidade de características desfavorables), sofren moitas consecuencias que, polo xeral, lles afectan durante toda a vida. Ao estudar e analizar a magnitude do problema, observouse que non só hai que axudar ás nais para superar a situación tan traumática que sofren, tamén hai que axudar aos seus fillos e fillas para que nun futuro as súas relacións non estean baseadas nos mesmos patróns de conduta que os seus pais ou non se vexan afectadas por traumas ou patoloxías da infancia.

Non todos os menores son iguais, nin teñen as mesmas circunstancias e, por tanto, as consecuencias que poden sufrir aféctanlles dun xeito diferente. Na nosa revisión detectamos a existencia de diferentes *factores de risco* (sexo, idade, severidade e tempo de exposición, tipo de violencia, protección que ofrezca a nai, etc) e *de protección* (capacidades innatas

dos/as menores, resposta adecuada da nai, comunicación coa nai, apoio da familia extensa, etc)

Por outra banda, existen unha serie de *modelos explicativos* que intentan dar respostas aos comportamentos e consecuencias que sofren estes menores trala exposición á violencia, aínda que dun xeito moi xeneralizado. Estas teorías son: 1) *teoría do apego*; 2) *teoría da aprendizaxe social*; 3) *teoría da resiliencia*; 4) *teoría do trauma*; 5) *teoría do desenvolvemento*; 6) *teoría da resiliencia*; 7) *teoría ecolóxica*.

En canto os *problemas que poden darse no ámbito escolar* a maioría dos nenos e nenas, o 78%, presentan baixo rendemento e problemas de conduta (agresividade na maior parte) nas aulas. Ademais disto, conclúese que existen numerosas consecuencias desencadeadas por sufrir a violencia familiar, agravándose máis canto menor é a idade do suxeito exposto (0-6anos), xa que nestas idades son máis vulnerables a sufrir danos que podan causar secuelas durante toda a súa vida.

Para dar resposta o obxectivo xeral do traballo (*coñecer o impacto que a violencia de xénero ten sobre os fillos e fillas das mulleres vítimas*), era preciso e importante realizar un estudo en profundidade desta problemática, xa que a maior parte das veces deixase ó marxe a figura dos fillos e fillas. As consecuencias que sofren a curto prazo quizais non son tan evidentes como poden ser as das nais que sofren a violencia de xénero (aínda que tamén son visibles) pero, a longo prazo dedúcese que si o son e que, ademais, estes menores serán pais/nais nun futuro e poderán repetir os patróns de conduta que observaron na súa infancia.

Por todo isto, é preciso sensibilizar a todos os profesionais que estean en contacto coa infancia, do problema do maltrato a menores e das consecuencias deste maltrato no desenvolvemento dos nenos e nenas en todas as áreas (cognitiva, afectiva, social, emocional e física).

## 8. REFERENCIAS DOCUMENTAIS

- Alcántara, M. V., López-Soler, C., Castro, M., & López, J. J. (2013). Alteraciones psicológicas en menores expuestos a violencia de género: Prevalencia y diferencias de género y edad. *Anales de Psicología*, 29(3), 741-747.
- Bravo Campanón, C. (2008). Menores víctimas de violencia de género: Experiencia de intervención en un centro de acogida para familias víctimas de violencia de género. *Intervención Psicosocial*, 17(3), 337-351.
- Gustafsson, H. C., Coffman, J. L., Harris, L. S., Langley, H. A., Ornstein, P. A., & Cox, M. J. (2013). Intimate partner violence and Children's memory. *J Fam Psychol*, 27(6), 937-944.
- Carracedo Cortiñas, S., Fariña Rivera, F., & Seijo Martínez, D. (s.f.). Estado psicoemocional de niños que han sido testigos de violencia familiar, 9, 101-114. Recuperado de [http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/uforense/descargas/Estado\\_psicoemocional\\_de\\_nixos\\_que\\_han\\_sido\\_testigos\\_de\\_violencia\\_familiar.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/uforense/descargas/Estado_psicoemocional_de_nixos_que_han_sido_testigos_de_violencia_familiar.pdf)
- Catarina Almeida, T., Abrunhosa Gonçalves, R., Sani, A. I. (2008). La agresividad en niños que testimonian la violencia de género. *Anuario de Psicología Jurídica*, 18, 113-118.
- Chamizo de la Rubia, J. (2012). Menores expuestos a violencia de género: Víctimas con identidad propia. *Defensor del menor de Andalucía*. Recuperado de [www.defensordelmenordeandalucia.es](http://www.defensordelmenordeandalucia.es)
- Del Prado Ordóñez Fernández, M., & González Sánchez, P. (2012). Las víctimas invisibles de la violencia de género. *Revista Clínica De Medicina De Familia*, 5(1), 30-36.
- Expósito Jiménez, F., Arias Ruiz, S., Herrera Enríquez, A., Herrera Enríquez, M. C., Martínez Fuentes, N., Miro Morales, E. (...) Valor Segura, I. (2012). Efectos psicosociales de la violencia de género sobre las víctimas directas e indirectas: Prevención e intervención [Abstract]. *Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*. Recuperado de [http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/estudios/estudioslinea2012/docs/Efectos\\_psicosociales\\_violencia\\_Web\\_853.pdf](http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/estudios/estudioslinea2012/docs/Efectos_psicosociales_violencia_Web_853.pdf)
- García de la Torre, A. S. (2006). La violencia de género como causa de maltrato infantil. *Cuad Med Forense*, 12, 149-164.

- Horno Goicoechea, P. (2006). Atención a los niños y las niñas víctimas de la violencia de género. *Intervención Psicosocial*, 15(3), 307-316.
- Lastra Sierra, C. (2011). *Las hijas e hijos como víctimas directas de la violencia de género*. Recuperado de [http://gredos.usal.es/jspui/bitstream/10366/100296/1/TFM\\_EstudiosInterdisciplinariosGenero\\_LastraSierra\\_C.pdf](http://gredos.usal.es/jspui/bitstream/10366/100296/1/TFM_EstudiosInterdisciplinariosGenero_LastraSierra_C.pdf)
- Lizana Zamudio, R. (2014). *Problemas psicológicos en niños y niñas víctimas de la violencia de género en la pareja*. Recuperado de <http://www.tesisenred.net/bitstream/handle/10803/285393/rlz1de1.pdf?sequence=1>
- Mohamed Mohand, L., Carracedo Cortiñas, S., & Herrera Torres, L. (2014). Impacto de la violencia de género en el estado de salud física y psicoemocional de los hijos. *Dedica. Revista De Educação e Humanidades*, 6(Março), 73-84.
- Overbeek, M. M., de Schipper, J. C., Lamers-Winkelmann, F., & Schuengel, C. (2012). The effectiveness of a trauma-focused psychoeducational secondary prevention program for children exposed to interparental violence: Study protocol for a randomized controlled trial. *Trials*, 13:12.
- Patró Hernández, R., & Limiñana Gras, R. M. (2005). Víctimas de violencia familiar: Consecuencias psicológicas en hijos de mujeres maltratadas. *Anales de la psicología*, 21(1), 11-17.
- Ramos Matos, E., de la Peña Palacios, E. M., Luzón Encabo, J. M., & Recio Saboya, P. (2011). *Impacto de la exposición a violencia de género en menores*. Recuperado de [http://www.uca.es/recursos/doc/unidad\\_igualdad/360108496\\_1122011112253.pdf](http://www.uca.es/recursos/doc/unidad_igualdad/360108496_1122011112253.pdf)
- Spatz Widom, C., Czaja, S., & Dutton, M. A. (2014). Child abuse and neglect and intimate partner violence victimization and perpetration: A prospective investigation. *Child Abuse&Neglect*, 38, 650-663.
- Wathen, N. C., MacGregor, J. C., Hammerton, J., Coben, J. H., Herrman, H., Stewart, D. E., & MacMillan, H. L. (2012). Priorities for research in child maltreatment, intimate partner violence and resilience to violence exposures: Results of an international Delphi consensus development process. *BMC Public Health*, 12:684.

Espinar-Ruiz, E., & López-Monsalve, B. (2014). Children Exposed to Intimate Partner Violence Against Women in Spain. A quantitative analysis. *Multidisciplinary Journal of Gender Studies*, 3(3), 509-529.

Save the Children, (2008). *Manual de atención a niños y niñas víctimas de la violencia de género en el ámbito familiar*. Recuperado de <http://www.savethechildren.es/docs/Ficheros/157/Manual%20Atencion%20Castellano%20final.pdf>

## Anexos

<http://www.congresoestudioviolencia.com/2012/articulo24.php>